

**Acta da reunión do Consello de Departamento****ASISTENTES**

Anido Rifón, Luis E.  
Burguillo Rial, Juan C.  
Caeiro Rodríguez, Manuel  
Costa Montenegro, Enrique  
Díaz Redondo, Rebeca P.  
Fernández Veiga, Manuel  
Fernández Vilas, Ana  
García Duque, Jorge  
García Méndez, Silvia  
Gil Castiñeira, Felipe  
Gil Solla, Alberto  
González Castaño, Francisco J.  
Herrería Alonso, Sergio  
Llamas Nistal, Martín  
López Ardao, José C.  
López García, Cándido A.  
Mikic Fonte, Fernando Ariel  
Rodríguez Hernández, Pedro S.  
Rodríguez Pérez, Miguel  
Rodríguez Rubio, Raúl F.  
Santos Gago, Juan M.  
Sousa Vieira, María Estrella  
Suárez González, Andrés

Fondo Ferreiro, Pablo  
Liz Domínguez, Martín  
López Escobar, Juan José

**ESCUSAN ASISTENCIA**

Blanco Fernández, Yolanda  
Fernández Iglesias, Manuel J.  
López Bravo, Cristina

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática do 15 de decembro de 2021, convocada para as 15:30 horas en primeira convocatoria e para as 16:00 horas en segunda convocatoria na Sala de Xuntas 1 do Campus Remoto da E.E. de Telecomunicación.

O mércores 15 de decembro de 2021 ás 16:02 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Apróbase, por asentimento, as actas dos días 6 de outubro e 3 de novembro de 2021.

2. Informe do Director.

O Director informa sobre os seguintes puntos:

- Subdirección. O profesor Martín López Nores incorporárase a primeiros do vindeiro ano como novo subdirector, tralo seu traballo en AtlantTIC; asemade o director felicita ó centro de investigación pola avaliación positiva acadada.
- Solicitud de reparación de aula de seminario. Informada a subdirectora de infraestructuras do centro, queda á espera de fondos asignados no orzamento.
- Xestión de IPs. Agrádeselle a súa labora estes anos ó profesor Manuel Fernández Veiga. O novo encargado será o profesor Andrés Suárez González.
- Proposta de cálculo de PDA. Trala comunicación do informe do centro ó respecto, trasladouse o comentario recibido á dirección do centro.
- Reforma do plan de estudos GETT. Infórmase das dúas reunións levadas a cabo, así como da fase actual do proceso, consultable en Moovi.

3. Aprobación, se procede, de informes sobre actividade docente.

Apróbase, por asentimento, informar favorablemente sobre a actividade docente dos profesores Juan Carlos Burguillo Rial, Manuel Caeiro Rodríguez, Jorge García Duque, Alberto Gil Solla, Francisco Javier González Castaño, Manuel Ramos Cabrer, Raúl F. Rodríguez Rubio, M.<sup>a</sup> Estrella Sousa Vieira e Andrés Suárez González nos períodos solicitados dentro dos anos 2016–2021.

4. Aprobación, se procede, de asignación de POD a Silvia García Méndez, contratada postdoctoral.

Apróbase, por asentimento, a súa asignación de docencia nas asignaturas:

- Dirección de Proxectos de Telecomunicación (DPT)—22 horas— e
- Xestión e Dirección Tecnolóxica (DTEC)—8 horas—, simultaneada co Prof. Francisco Javier González Castaño. O Director dá a benvida á profesora García Méndez.

5. Aprobación, se procede, de senllos perfil e comisión de selección de dúas prazas de Profesor Titular de Universidade e de dúas prazas de Catedrático de Universidade.

Apróbanse, por asentimento, os perfís e comisións de selección propostas por:

- Martín Llamas Nistal – Dúas prazas de PTUN (Prazas 1 e 2 no anexo I),
- Pedro S. Rodríguez Hernández – Dúas prazas de CU (Prazas 3 e 4 no anexo I).

Asemade, o Prof. Rodríguez Hernández enviou escrito xustificando a non paridade das prazas 3 e 4, que se achega no Anexo II. O director da lectura a este escrito antes de someter a aprobación do consello de departamento os perfís das catro prazas.

6. Rogos e preguntas.

O profesor Manuel Fernández Veiga roga á dirección que no futuro trate de enviar toda a documentación referente ó consello coa antelación necesaria, feito que non aconteceu co punto 4. O director suliña que en realidade non hai cambio de POD, ó teren que simultanear a docencia os novos bolseiros cun profesor coa docencia xa asignada. Nembargantes procurárase ser máis exhaustivo no futuro.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 16:22 do día 15 de decembro de 2021, da que eu como Secretario do Departamento dou fe co visto e praxe do Director.

O Director do Departamento

O Secretario do Departamento

Dr. D. Luis E. Anido Rifón

Dr. D. Andrés Suárez González

## Anexo I

Proposta da dirección do departamento dos perfís e comisións de selección de dúas prazas de Profesor Titular de Universidade e de dúas prazas de Catedrático de Universidade

### Prazas de Profesor Titular de Universidade

#### Praza 1:

- Perfil: “Arquitecturas e Servizos Telemáticos” e “Computación Distribuída”
- Presidente: Martín Llamas Nistal (Lidia Fuentes Fernández)
- Secretario: Juan Carlos Burguillo Rial (Yolanda Blanco Fernández)
- Vogal 1: Manuel J. Fernández Iglesias
- Vogal 2: Luis E. Anido Rifón
- Vogal 3: Manuel Alonso Castro Gil
- Vogal 4: Inmaculada Plaza García
- Vogal 5: Juan Manuel Doderó Beardo
- Vogal 6: Alejandra Martínez Monés

#### Praza 2:

- Perfil: “Xestión da Seguridade da Información”
- Presidente: Martín Llamas Nistal (Lidia Fuentes Fernández)
- Secretario: Manuel J. Fernández Iglesias (Cristina López Bravo)
- Vogal 1: Luis E. Anido Rifón
- Vogal 2: Juan Carlos Burguillo Rial
- Vogal 3: Manuel Alonso Castro Gil
- Vogal 4: Pedro Muñoz Merino
- Vogal 5: Alejandra Martínez Monés
- Vogal 6: Carina Soledad González González

### Prazas de Catedrático de Universidade

Mesmo tribunal para ambos dous perfís.

- Perfís:
  - **Praza 3:** “Tecnoloxías de Aplicación”
  - **Praza 4:** “Programación de Sistemas Intelixentes”
- Presidente: F. Javier González Castaño (Joan García Haro)
- Secretario: Pedro S. Rodríguez Hernández (José Luis Alba Castro)
- Vogal 1: Lidia Fuentes Fernández
- Vogal 2: Carmen García Mateo
- Vogal 3: Carlos E. Palau Salvador
- Vogal 4: Manuel J. Fernández Iglesias
- Vogal 5: Pablo Pavón Mariño
- Vogal 6: Jordi Forné Muñoz

## Anexo II

Na área de Enxeñaría Telemática hai actualmente en España só 2 mulleres catedráticas de Universidade:

- Dona Lidia Fuentes Fernández (Universidad de Málaga), e
- Dona María Soledad García Valls (Universidad Politécnica de Valencia).

No proceso de confección dos tribunais, tentouse contactar con Dona María Soledad García Valls por distintos medios, sen que se recibise resposta algunha.

Por iso, en ambos os tribunais inclúense unicamente dúas mulleres na proposta de tribunal: a catedrática da área que contestou á nosa invitación, e unha catedrática dunha área afín (Dona Carmen García Mateo), por existir unha relación significativa entre a súa área de traballo e o perfil das prazas en cuestión, e por estar asignada ao mesmo centro que as prazas, o que creemos que facilita a constitución do tribunal en tempos de pandemia.